



## ANUNCIO

### Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local

O Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión do 12 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

**“8º.- Proposta de acordo sobre a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.**

(...)

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes facultades do Pleno previstas no art. 22.2 da LBRL:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (parágrafo j);
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (parágrafo k);
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos (parágrafo ñ).

SEGUNDO.- Cando a Xunta de Goberno Local actúe por delegación do Pleno do Concello, someterase o asunto a previo ditame da comisión informativa correspondente, esa parte da sesión terá carácter público e darase conta do acordado na seguinte sesión plenaria.”

O que asino en Vimianzo, o 3 de agosto de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado dixitalmente)